



## O reto norirlandÃ©s

### DescriciÃ³n



**O informe da Independent Monitoring Commission (IMC) veu acompaÃ±ado do comunicado do 28 de xullo, no que o IRA propoÃ±ase o abandono de toda forma de violencia, que se cumpriu efectivamente ata o momento.** (Foto: Mural en Belfast conmemorativo de Bobby Sands, membro do IRA Provisional que morreu na prisiÃ³n de Maze, en folga de fame, o 5 de maio de 1981).

Na busca dunha soluciÃ³n Ã¡ problemÃ¡tica terrorista de Irlanda do Norte, a comisiÃ³n de seguimento que promove a paz e a estabilidade na zona -a Independent Monitoring Commission (IMC)-, emitiu un informe favorable, previo Ã³ que se farÃ¡ pÃºblico en xaneiro, no tocante Ã³ comportamento e Ã³s niveis de violencia atribuídos Ã³ IRA nos seis meses previos a agosto 2005. Os resultados son francamente esperanzadores, e poÃ±en de manifesto a capacidade do IRA de someter a conduta dos seus membros Ã³ liderazgo da organizaciÃ³n, e de comprometerse co proceso de paz, o que vai en detrimento da imaxe dos paramilitares unionistas. AlÃ©n diso, o informe veu acompaÃ±ado do comunicado do 28 de xullo, no que o IRA propoÃ±ase o abandono de toda forma de violencia, que se cumpriu efectivamente ata o momento.

Non obstante, o mÃ¡is preocupante do informe do IMC, non ten que ver coa actuaciÃ³n dos republicanos do IRA, senÃ³n, indirectamente, coa denuncia de que a violencia exercida provÃ©n dos paramilitares unionistas probritÃ¡nicos, que cargan Ã³s sÃ³as costas co 90 % dos asasinatos dos Ã³ltimos seis meses, dobrando en actos violentos Ã³s paramilitares republicanos no que vai de ano (25 contra 50). Polo visto, os paramilitares unionistas son os mÃ¡is propensos a cometer actos violentos e vandÃ¡licos, ademais de acciÃ³ns de contrabando e narcotrÃ¡fico. Segundo a CIA, os golpes asestados por unionistas incrementÃ¡ronse nun 38%, mentres que a violencia organizada polos republicanos descendeu un 40% nestes meses. O Ulster Volunteer Force (UVF), a forza unionista mÃ¡is sanguinaria, e a Loyalist Volunteer Force (LVF),

nacida da anterior, pretenden controlar as comunidades e o tráfico de drogas, e o Ulster Defence Association (UDA) e o UVF, están acusados de provocar as liortas de setembro último. Obviamente, a acollida deste informe por parte dos unionistas foi francamente fría. O IRA cumpriu co acordado en xullo, e propón un esperanzador panorama, danando a imaxe dos unionistas e forzando aos seus dirixentes a achegarse ao compromiso pola paz e a estabilidade.

O IMC afirma centrarse por igual nas actuacións de unionistas e republicanos, aínda que iso non parece de todo certo. O informe centrase primordialmente na actividade do IRA, e a disciplina desta organización atóndose a liña marcada no comunicado do 28 de xullo, pon en evidencia os números que denuncian os actos violentos que veñen do outro bando. Nembargantes, o IMC é quen de identificar correctamente a raíz do problema. O crime organizado está detrás de toda esta parafernalia. Mentres as organizacións paramilitares sexan capaces de recadar fondos a partir de actividades ilícitas, e autofinanciarse desta maneira, as comunidades seguirán intimidadas, recortándose as posibilidades de crecemento e establecemento da paz. E, por tanto, persistirá o conflito. As actividades ilícitas sobre as que se fundamentan as organizacións paramilitares son basicamente, o tráfico de drogas e de tabaco. E aquí, son os corpos de seguridade os que xogan un rol esencial. Se os fondos económicos que promoven a violencia desaparecen, e se a actividade do IRA cesa, crearase un clima de confianza que dificultará a resposta negativa das organizacións e políticos unionistas, na súa teima de oporse á diálogo cos republicanos.

Peter Hain, o secretario norirlandés, e o ministro de asuntos exteriores irlandés, Dermot Ahern, teñen previsto un conxunto de xuntanzas coas partes para endereitar as diferenzas políticas que os dividen, e avégase ademais, por restaurar a Asemblea e o Executivo compartido que dirixía o destino de Irlanda do Norte. O Sinn Fein debe formar parte do equipo de goberno norirlandés como resposta ao compromiso pola paz. Agora, despois da reacción positiva por parte do IRA, todo parece depender da eficacia policial no desmantelamento das redes tecidas polos paramilitares unionistas, e do compromiso coa paz dos políticos e organizacións leais a Londres.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## **APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

Nacionalismos ARQUIVO

### **IDIOMA**

Galego

### **Data de creación**

Outubro 27, 2005

### **Metacampos**

**Autoría :** 3746

**Datapublicación :** 2005-10-27 00:00:00